

O PSdeG levará ás institucións unha moción redactada cos afectados das preferentes para evitar as quitas

Cargos socialistas en Lugo elaboraron esta mañá un texto coa Plataforma de Afectados que presentarán nos plenos de todos os concellos da comarca e posteriormente a toda a provincia, ademais de actuar na Deputación e o Parlamento autonómico

O PSdeG esixirá o acceso á arbitrase a todos os afectados e que a Xunta acelere os procesos "como mínimo ao mesmo ritmo que xusto antes das eleccións do 21-O", cando resolvían 200 laudos diarios. Ademais, reclamaralles que presionen ao Goberno central para derrogar o real decreto que establece unha quita que fará que os afectados perdan unha media do 50% dos aforros, chegando ata o 70%

A deputada autonómica Concepción Burgo, o deputado provincial e coordinador do PSdeG na comarca de Lugo, Álvaro Santos, e a concelleira do Concello de Lugo Ana Abelleira reuníronse esta mañá coa plataforma de Afectados pola Preferentes e Subordinadas de Lugo na sede socialista para redactar de xeito conxunto unha moción que será presentada en todos os concellos da comarca e posteriormente trasladada a todos os da provincia.

No texto elaborado entre o partido e os afectados, o PSdeG instará ao Goberno galego a que "garanta o acceso á arbitrase a todos os afectados, non a quen elixan" e que "acelere as arbitrases igualando, como mínimo, o ritmo de antes das eleccións do 21-O", que era duns 200 laudos diarios e viuse reducido drásticamente despois dos comicios. Tamén solicitan que a Xunta notifique as solicitudes que foron rexeitadas por Novagalicia. Ademais, pediránlle que lle esixa ao Goberno central "que derroque o Real Decreto 9/2012 do 14 de novembro, que nos seus artigos 40 e 41 establece unha quita sobre os aforros dos afectados", polo que perderán unha media do 50% dos seus cartos que pode chegar ata o 70%.

"Despois da reunión de onte convocada polos afectados en Lugo, hoxe asumimos este compromiso e o deber que temos os socialistas de ser os altofalantes da cidadanía para evitar que o 1 febreiro, como xa se rumorea, empecen a executarse as quitas", explicou Álvaro Santos, que agradeceu poder traballar "man a man" cos afectados nun asunto "que afecta a todos, porque cando tanta xente ten a súa liquidez condonada resíntese o comercio, as empresas e todo o tecido económico da comarca, da provincia e do país". Pola súa banda, a deputada autonómica Concepción Burgo lembrou que o PSdeG leva "moito tempo achegando as reivindicacións dos afectados polas subordinadas e as preferentes" ao Parlamento. "Son persoas estafadas, non inversores como quere facer ver o PP; son pequenosaforrdores estafados cun produto moi sofisticado", incidiu Burgo.

A deputada autonómica lembrou que no primeiro pleno do ano, o PSdeG levou unha interpelación ao Parlamento esixindo unha solución, e adiantou que "no primeiro pleno de febreiro" os socialistas presentarán unha moción defendendo os seus intereses. Tamén desde a Deputación de Lugo houbo ata en tres ocasións propostas de goberno neste sentido, "e se é necesario faranse máis", segundo incidiu o deputado provincial Álvaro



Santos. "Politicamente temos que esixirlle ao PP que fale claro, que se comprometa e que dea a súa postura", afirmou.

"Que nos dean unha solución, non chega co perdón", din desde a Plataforma

Pola súa banda, a voceira da Plataforma de Afectados, Digna Lagarón, pediulle ao PP "que dea unha solución, porque non chega co perdón" para resolver o problema. "O perdón non nos vale, hai uns 80.000 afectados entre preferentes e subordinadas e esiximos a devolución do 100% dos nosos aforros; a quita dun 50%, que pode chegar ao 70%, é un roubo inadmisíbel e inaceptable", afirmou.

Reunión esta tarde na Pastoriza á que acudirán alcaldes e voceiros do PSdeG

Esta tarde, a Plataforma de Afectados polas Preferentes e Subordinadas celebrará outra reunión na casa da cultura da Pastoriza ás 22.00 cos veciños, na que ás 20.30 horas están convocados os representantes políticos de Pol, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Ribeira de Piquín e Meira. O PSdeG confirmou esta mañá a presenza de representantes socialistas de todos os concellos: os tres alcaldes de Pol, A Pastoriza e A Pontenova, o tenente de alcalde de Riotorto e os voceiros municipais de Ribeira de Piquín e Meira.

Lugo, 11 de xaneiro de 2012

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013psoeprovinciallugo@gmail.com